

Área de Rexeneración Urbana,
Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible.
Concello de A Coruña.

15—

A Coruña.

Unha idea
de acción.

—19

O Concello está a piques de pechar o mandato e dende a Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible, facemos repaso, como exercicio de rendemento de contas á cidadanía, da transformación da cidade que impulsamos neste tempo. Dende o Concello aplicámonos en resolver os problemas pasados e abordar os proxectos futuros sen esquecer a xestión áxil do día a día. Traballamos tamén para crear unha cidade próxima, achegada ás persoas, e a vosa participación foi imprescindible para conseguilo. As achegas da veciñanza, en distintos foros e por diversas canles, foron as bases da intervención da Área na procura dunha cidade máis cohesiva e diversa cun espazo público de calidade.

Centos de encontros con asociacións veciñais, entidades ou persoas particulares propiciaron a resolución de multitude de demandas, algunhas históricas. A Concellaría de Rexeneración Urbana ten moi presente a idea de que a cidadanía sexa dona das decisións que se tomen na cidade, sendo nestes catro anos unha premisa básica de actuación. A Área tentou ser facilitadora ou promotora da autonomía social, da equidade no conxunto. Dando fortaleza ao común, o público, cremos que a institución tamén é máis forte.




Despois de catro anos, a Concellaría de Rexeneración Urbana quere agradecer a participación da cidade na construción do seu futuro: as críticas, as reclamacións e as suxestións que nos aportastes formaron parte protagonista das nosas decisións. Este documento gráfico é un intento de trasladárvolas. Grazas.

A Coruña.

Unha Cidade

Próxima.



O Concello traballou nestes anos na procura dun modelo para A Coruña sustentado nunha idea: a proximidade. É un proxecto que coida das persoas, ás que ofrece unha cidade máis habitable, vital, diversa, inclusiva e sostible. Proximidade é sinónimo de veciñanza; unha urbe próxima é unha urbe consciente das necesidades e desexos dos seus habitantes.

Para facer esa Coruña Próxima contamos todos e todas. O xeito de facelo combina a escoita da veciñanza, atender, analizar e asumir as súas peticións e interpretar as potencias do espazo e das condicións nas que a cidadanía quere vivir. A Concellaría tivo centos de contactos, entre reunións, xuntanzas e procesos de acompañamento, para traducir as demandas recollidas en actuacións útiles.

O Concello camiña cara a unha cidade que coide á súa xente, pensando nos barrios como a referencia inmediata que dota a todas as persoas dun espazo público de calidade. A Área mellorou a calidade de rúas e prazas, con confort e accesibilidade universal, a través de máis de 500 intervencións de alto impacto pero axustadas no seu orzamento e volume. O resultado é un urbanismo

centrado na conectividade como factor de inclusión, de redución das vulnerabilidades e do illamento; que aposta polas infraestruturas máis achegadas, por rúas, prazas, camiños e sendas entendidas pola súa capacidade de unir barrios, veciñanza ou equipamentos.

A Coruña precisaba liberarse das súas hipotecas e *poñer o contador a cero* para poder mirar ao futuro sen ataduras. Coa xestión diaria do Concello reconducíronse moitos dos desastres do pasado, como o Conde de Fenosa ou o Parque Ofimático, o que permitiu repensar a cidade para acadar uns barrios máis habitables, cómodos e transitables.

A Concellaría tamén abordou outros proxectos claves para o futuro da urbe reformulados en termos de proximidade: o futuro do

bordo litoral a través da liberación dos peiraos do Porto, contando coa cidadanía, ou na nova configuración da estación intermodal de San Cristovo, máis integrada no seu barrio, pero tamén no conxunto da cidade.

No eido da mobilidade, a Área traballa para mudar un modelo centrado no coche particular, ofrecendo alternativas ao mesmo. Impulsáronse proxectos de apoio á utilización da bicicleta, a través da disposición de quilómetros de carril bici e de reforzo da prioridade peonil a través de itinerarios ou peonalizacións.

O Concello aposta por un urbanismo respectuoso coas persoas e coa memoria, así como coas necesidades e demandas históricas da nosa cidade.

Novo modelo.

Cinco criterios

para outro

urbanismo.



Reflexionar primeiro.
A Coruña ten unha
idea de futuro

A cidade reciclouse a través da reutilización do coñecemento, de non desbotar ningunha idea pasada pero adaptando os proxectos a novos xeitos de pensar e actuar.

Ordenar prioridades.
A Coruña necesita
dun cambio

Mirar ao futuro, cara a todos os niveis temporais, para que todos os proxectos estean pensados para ter consecuencias concatenadas que teñen efectos multiplicadores.

Recuperar o interese
xeral.
A Coruña, garante do
que é común


A preocupación pola veciñanza, polo benestar de cada persoa, tradúcese no máximo respecto polo espazo de todos, o que ten que pertencer á cidade por dereito. O privado tense que pensar dende o público.

Coidar a vida digna.
A Coruña, sinónimo
de calidade de vida

O urbanismo de coidados busca que cada persoa acade unha autonomía plena dentro do conxunto que é a cidade, fomentando a interdependencia das persoas que da forza ao común.

Aproveitar o
aproveitable.
A Coruña goza dos
seus recursos

O xa feito ou o xa pensado ten un valor de utilización que non se pode desbotar, pero si provoca a necesidade de redeseñar ou repensar.



2015—

587

intervencións no
espazo público

462

obras rematadas

86 | 39

en proxecto | en execución

—2019

O Visor de Intervencións Municipal rende contas, a través da web municipal, das actuacións do Concello nos barrios, tanto as xa executadas como as proxectadas. En constante actualización, a veciñanza pode acceder ás accións que se acometen no espazo público, as de sostibilidade e as de edificación, e consultar detalles de cada unha. Constátase no mapa da cidade a prioridade da Área por reequilibrar os recursos e rachar co predominio do centro sobre os barrios.

Accede en:
ide.coruna.es/visordeobras

Paradigmas.

Doce exemplos que demostran unha idea de acción.



Viaduto Rolda de Nelle - Estado actual



Viaduto Rolda de Nelle - Proposta

Os doce paradigmas que se presentan a continuación mostran, a través de exemplos concretos, a acción da Concellaría de Rexeneración Urbana neste mandato. Intervencións de distinta escala, custe ou proxección que ilustran as bases do novo modelo de cidade que impulsa o Concello na procura dunha Coruña Próxima.



Parque Ofimático



Edificio Conde de Fenosa

Encarrilar o urbanismo para produci-lo dende o consenso, nunha cidade con décadas de decisións desacertadas, non é tarefa doada, pero a visión de alternativas e as conversas entre as partes desbloquearon proxectos estancados do pasado. No Parque Ofimático, o Goberno local logrou que os e as cooperativistas habiten xa as súas vivendas, despois de case 25 anos, e que, en breve, o departamento licite as obras de urbanización restantes, despois de asumir as básicas para facilitar o

avance da construción. En Náutica, a Área fixo avanzar a situación e que as promotoras desenvolveran axilmente as obras dos inmobles á vez que as das rúas do entorno. Así, un novo viario conecta xa Almirante Romy e o paseo marítimo, abrindo o barrio ao mar. No caso do edificio Conde de Fenosa, o Concello rematou con décadas de conflito, chegando a un acordo ratificado polos tribunais, que resolve unha pesada carga, de case 60 millóns, que pendía sobre o Concello.

Encarrilar o urbanismo

Os problemas urbanísticos herdados do pasado son complexos pero, a través do estudo e a negociación e co propósito de solucionarlos de acordo ao interese xeral, o Concello chegou a entendementos en lugares onde o conflito estaba enraizado como, por exemplo, no Parque Ofimático, Náutica ou o edificio Conde de Fenosa.



Náutica - Paseo de Rolda

A Coruña conserva moitos núcleos tradicionais que posúen unha diversidade ambiental, cultural e histórica, e compoñen unha grande riqueza da nosa cidade. O Concello desenvolveu diversas actuacións, sobre todo de accesibilidade, conectividade e servizos urbanos, para que a veciñanza destas zonas gañase calidade de vida.

Recobrar a calidade de vida nos núcleos tradicionais



Nostián



Palavea

Feáns, Visma ou Palavea son algúns dos núcleos onde o Concello intervén para mellorar os seus espazos públicos. Sendas peonís, beirarrúas, calzadas renovadas ou a recuperación de lugares e identidades tradicionais, foron algunhas das actuacións que abordou o Concello nestas áreas menos visibles da cidade. As medidas eran demandas históricas de veciñanza que equiparan dereitos destas zonas con respecto a barrios máis centrais da cidade, para que a cidadanía, viva na periferia ou no centro, perciba as mesmas comodidades en rúas ou prazas acordes co seu hábitat. O Concello traballa para poñer en valor e protexer estes núcleos tan importantes para a diversidade e o patrimonio da cidade.



Palavea

A cidadanía ten dereito á conectividade, que non é sinónimo de mobilidade senón de comunidade, de non vivir no illamento. A cidade debe poder percorrerse de xeito cómodo e natural e evitar os desequilibrios, tanto económicos como sociais ou medioambientais que produce o automóbil. Eses traxectos pola cidade converten o espazo público en lugar de encontro e estancia, nun verdadeiro espazo de convivencia.

Recuperar espazo público para o peón



Rúa da Torre



Mercado de San Agustín (Intersección de Xoán XXIII e Pío XII)



Rúa Marola

O Concello concibe os coidados urbanos como garantía dunha vida plena para a cidadanía e un xeito de reequilibrar diferenzas históricas entre barrios. Esta filosofía vese no desenvolvemento de intervencións de espazo público, actuacións de custo moderado pero de alto impacto que se repartiron por todas as zonas da cidade para rexenerar e mellorar lugares que comparte a veciñanza a diario. A nova rúa da Torre, con máis espazo para o tránsito a pé, ou a peonalización da rúa Marola, así como centenas de traballos de accesibilidade ou saneamento son os exemplos palpables de que a cidadanía recupera o protagonismo do espazo público.



Paso Rúa Juan Flórez - Rúa Federico Tapia - Rúa José Cornide

Superar barreiras

A accesibilidade universal vai máis alá da supresión de barreiras arquitectónicas. É facer espazos inclusivos, abertos a maior diversidade de colectivos por idade ou xénero, é un ambiente urbano que é usado polos percorridos naturais ou polas condicións de iluminación que dan sensación de seguridade.



Santa Margarida - Antes



Santa Margarida

Unha concepción ampla da accesibilidade incorpora no deseño a forma de que os espazos públicos conviden a empregalos e permanecer neles como se fixo na entrada ao parque de Santa Margarida pola avenida de Fisterra. Superar unha barreira na rúa foi o que se logrou coa rampla e escalinata que dá continuidade dende Maestro Clavé cara Federico Tapia e José Cornide e o ascensor que comunicará a avenida da Pasaxe coa rúa Mercé integra unha nova marquesiña de autobuses, o que, xunto á transparencia e a iluminación, propician un entorno seguro. Tamén as rutas escolares para que os cativos a cativas podan ir sos á escola integran a esa franxa de poboación no espazo público como colectivo autónomo.



Proxecto de ascensor en Os Castros

O Concello reformou parques infantís por toda a cidade para garantir que os cativos e cativas poidan xogar dun xeito máis libre e en conexión coa natureza, en espazos acondicionados para todas as idades. A Área deseñou as novas áreas de xogo en colaboración coas familias, pensando tamén nas persoas coidadoras que as utilizan para a reunión e o descanso.

Defender o dereito a xogar na cidade



Praza Recife



Praza Isaac Díaz Pardo

Nun só ano, no 2018, renováronse máis de vinte parques infantís no espazo público, así como outros 25 nos centros escolares da cidade. Visma, Elviña, praza de Recife ou a da Tolerancia, que multiplicou por cinco o espazo dedicado aos nenos e nenas, son algunhas das localizacións onde quedou plasmado o modelo municipal para estas áreas: a convivencia entre pequenos e pequenas de distintas idades nun só recinto integrado con lugares de estancia para as familias e mantendo a seguridade da rapazada. Randeiras, castelos, rocódromos, tirolinas, tobogáns ou estruturas de redes para escaladas nos parques contribúen á defensa do dereito a xogar na infancia.




Praza da Tolerancia



Estadio de Riazor

Restaurar os equipamentos e abrilos á xente

A veciñanza goza dos equipamentos municipais como espazos públicos cubertos. Os xa existentes foron neste mandato mantidos e conservados para optimizalos. Pero tamén naceron os TEU, nos que a cidadanía participa dun xeito directo no uso e xestión. Lugares que simbolizan un novo modelo de servizo público horizontal.



Proxecto de Centro Deportivo O Castrillón

Impulsados pola Concellaría de Participación, os novos locais TEU promoven o uso compartido e comunitario, a través da participación da veciñanza sen tutelas e sen xerarquía vertical. O Faro de Oza ou os locais de Novo Mesoiro xa se poden solicitar para actividades ou encontros privados; o centro social do Campanario dignificou as necesidades da veciñanza do Portiño e o Remanso, en Catro Camiños, e as Naves do Metrosidero pronto serán recuperados para os coruñeses e as coruñesas, para que adopten un rol activo na súa utilización e xestión. O resto de equipamentos foron mellorados neste mandato e seguirán acadando maiores cotas de servizo público, por exemplo, coa axuda para facelos edificios intelixentes a través da tecnoloxía cunha axuda europea de 4 millóns de euros.



TEU Faro de Oza



Durmideiras



Santa Lucía

A revitalización dos mercados vai acompañada da integración doutros usos no inmobile, como un centro cívico, unha escola infantil ou un TEU, que achegan vitalidade ao mercado e os reforzan como espazos públicos e ferramentas para a conciliación familiar.

Revivir os mercados

Os mercados son equipamentos exemplares da proximidade, instrumentos para a consecución da vida digna, por favorecer a socialización entre a veciñanza no espazo público, pola inmediata proximidade ás vivendas e por promover unha economía e comercio sustentable. Un servizo que vive unha nova etapa de rexurdimento e mellora.

A revitalización, iniciada e en marcha nos mercados de Monte Alto, Santa Lucía e Durmideiras, é un exemplo claro da aplicación dos novos criterios do Goberno local. É unha medida de mirada longa, que pretende provocar un cambio na economía local a medio prazo. Impulsa un cambio de hábitos de consumo para que sexan máis sostíbeis, de proximidade e dando opcións para priorizalos sobre as grandes áreas comerciais que supoñen o desprazamento en coche privado. A posibilidade de interrelación e cohesión da veciñanza no propio barrio e a seguridade que transmiten as rúas son outras das vantaxes destas instalacións. Por último, a reciclaxe dos propios edificios, despois da ocultación dos de Elviña e praza de Lugo detrás de superficies comerciais, será o desexable nas estruturas existentes aínda por reformar.



Santa Lucía

As rúas da Cidade Vella son de preferencia peonil dende xuño de 2018. Trátase da primeira parte, a máis simbólica, dun plan de revitalización que se desenvolverá nos próximos anos. Comercio, turismo, patrimonio, vivenda, accesibilidade e coidado da cidadanía compoñen distintas facetas dun proxecto que renovará a zona histórica da cidade.

Revitalizar a Cidade Vella



Rúa Maestranza



Praza de Azcárraga

Cun amplo consenso da veciñanza e doutros sectores implicados, o Concello peonalizou a Cidade Vella como primeiro paso para revitalizar a zona máis antiga da Coruña. O proxecto inclúe a mellora dos espazos libres e das rúas, do acceso ao transporte público ou de diversas partes da economía do barrio: fortalecer a Cidade Vella como un espazo de patrimonio dinámico, herdado e de nova creación; impulsar o comercio para atraer á cidadanía e activar un turismo coidadoso como recoñecemento da concentración patrimonial máis importante da urbe. Unha renovación de xeito integral que será o xerme para outras zonas da cidade que vivirán no futuro procesos semellantes.



Rúa de San Francisco



Cantón Pequeno

Incorporar a bicicleta na mobilidade


Dentro dun proxecto de rede para conectar toda a cidade de xeito xeral e coherente entre si, o Concello executou 17 novos quilómetros de carril bici, que animan ao uso deste medio de transporte e garanten a seguridade das persoas usuarias nos seus percorridos.



Rúa Pablo Picasso

O cambio de paradigma na mobilidade está no deseño da rede. Os novos traxectos corresponden a percorridos cotiás entre os barrios, a residencia, o traballo e os servizos. Os criterios de deseño priman a continuidade da rede e a seguridade real e percibida do seu uso. O obxectivo é que unha ampla diversidade de colectivos se podan sumar ao uso da bicicleta como medio de transporte eficaz e habitual, reducindo a dependencia do automóbil, coas consecuencias positivas que iso

comporta para a cidade en termos de calidade ambiental, saúde e sostibilidade. A área promoveu nestes anos novos proxectos de carril bici. O máis ambicioso é o que une o centro da cidade cos municipios da comarca. Cun investimento de preto dun millón de euros e 5 quilómetros novos, o carril é visible xa dende A Mariña até a avenida da Pasaxe. Esta actuación supera a concepción de infraestrutura de ocio que se tiña co carril bici do paseo marítimo.



Lenda:
 . Azul: treitos en servizo ou execución.
 . Naranxa: treitos proxectados.
 . Amarelo: área das estacións de BiciCoruña existentes.
 . Gris: treitos anteriores ao ano 2015.

O proxecto desproporcionado e desfasado para xuntar medios de transporte públicos nun mesmo espazo, que arranca no 2006, mudou a unha versión da estación intermodal máis racional e adaptada aos tempos. O Concello aportou unha modificación imprescindible no cambio dos accesos dos autobuses de longo percorrido.

Integrar a estación intermodal na cidade



Conversas coas asociacións veciñais de Elviña

A cidade precisa dunha estación intermodal pero, de acordo con Fomento, o Concello consegue desbotar unha operación de hai máis dunha década, cunha edificabilidade excesiva, e adaptar o espazo ao século XXI. A área lidera o cambio dos accesos dos autobuses de longo percorrido a San Cristovo a través da avenida de Arteixo, á vez que unha intermodalidade máis

áxil e eficaz co transporte urbano na avenida do Ferrocarril. A da Sardiñeira transfórmase nunha alameda que incorpora un carril bici, conectándose coa avenida de Arteixo a través de desenvolvemento dun polígono urbanístico no Plan Xeral. O novo paseo terá continuidade nunha pasarela sobre a terminal que conectará os barrios.



Proposta Intermodal - Sardiñeira



Edificacións en esqueleto

Reformular as políticas de vivenda

A dignidade trasladada á vivenda é unha máxima do Concello. O acceso e o benestar nela son obxectivos centrais da rexeneración urbana. Neste mandato conseguíronse sentar as bases do novo concepto plasmado en axudas, impulso á rehabilitación e inclusión habitacional en asentamentos precarios.



Visita ao asentamento da Pasaxe

O Concello traballou para facilitar o acceso á vivenda sen segregación atendendo á emerxencia social dende a paralización de desafiuzamentos até, de xeito máis concreto, a elaboración dun plan de Habitat Digno, que ofrece alternativas ás persoas residentes nos asentamentos precarios da cidade a través da colaboración da Concellaría coa de Xustiza Social. A Área cambiou a ordenanza de rehabilitación para ofrecer máis e mellores axudas para renovar ou facer máis accesibles as vivendas e aumentou o número de licenzas de obras outorgadas, cunha gran proporción delas para instalar ascensores ou para a mellora enerxética dos edificios. Buscando a rexeneración do parque de vivenda, o Concello esixiu á propiedade dos 16 esqueletos da cidade que actúen para arranxalos e contabilizou os edificios abandonados para urxir á súa seguridade e renovación. No Parque Ofimático e, despois de máis dunha década, o Concello posibilitou que os cooperativistas habiten os seus pisos.



Palavea

A cidade ten unha oportunidade única de recuperar a súa relación co mar coa liberación dos actuais peiraos portuarios. Un proceso no que o Concello acompañou á veciñanza, lexítima dona dos terreos, a través do Foro Tecendo Litoral e a votación dos proxectos gañadores do concurso de ideas para a fachada marítima.

Reconquistar o bordo litoral



Mobilización 'Gañemos o Porto'



Foro Tecendo Litoral



Porsuporto



Ciudad Puerto



Porto Metropolitano



NósFíos



Growing Together

A Coruña ten que determinar como será o seu borde litoral nos próximos anos e a Concellaría, xunto coa de Participación e Innovación Democrática, creou un proceso de construción colectiva para informar e escoitar á cidadanía. Primeiro, o Foro Tecendo Litoral puxo sobre a mesa experiencias similares para acadar un decálogo de condicións para deseñar a fronte marítima coruñesa. O concurso de ideas, da man de profesionais, tivo no xurado e no comité asesor a presenza de diversos sectores da veciñanza e, unha vez rematada a selección, a exposición na rúa posibilitou o mellor coñecemento da proposta municipal para os peiraos portuarios. O futuro do Porto pode construírse en conxunto. O horizonte é ilusionante: hai que seguir camiñando.



Xurado concurso de ideas

15—

A Coruña.

Unha idea
de acción.

—19



EidusCoruña
Unha cidade contigo